

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 12 DE MARZO DE 2007

2.- Solicitudes de licenzas de obras.

FAVORABLES.-

2216/04.- Matiman, S.L.- Edificio (32 viv.) na AEI-2 de A Choupana.-

2301/04.- Matiman, S.L.- Edificio (5 viv. e 8 apartamentos) na AEI-2 de A Choupana.-

RECURSOS.-

2310/06.- Paulo López Porto.- Exención de licenza de segregación da parcela 482 de Concentración de Bando, Lugar de Zarramacedo (D).-

PARCELACIÓN.-

627/06.- Xunta (Cons.Economía e Fachenda).- Parcelación en Agra das Forcas, Monte Pío, Casas Novas (+).-

DEVOLUCIÓNS DE FIANZAS.-

2168/06.- Mahía Inmobiliaria, S.L.-Expte...2168/06.....12.000 €.-

APERTURAS.-

Lap/13/06.- Distribuidora Internacional de Alimentación, S.A.- Apertura de Autoservicio de Alimentación na R/ Curros Enríquez núm.23.-

OCIHR

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/467/2006.- Promociones Fernández Taboada S.L.- Reconstrución de pranta baixa, soto 1 e 2 e adición de soto 3 na rúa Carreira do Conde.

PRÓRROGA.-

LIC/378/2007.- Proincor Promociones Inmobiliarias Cortizo S.L.- Prórroga da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión de 2 de agosto de 2006 (LIC/1011/2006). Na rúa Tras O Pilar.

OUTROS.-

Aprobación do plan director de restauración da Casa do Cabildo, na praza Praterías, nº5.

5.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Concédense diversas axudas de carácter social.

6.- Proposta da concelleira delegada do casco histórico relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.

Apróbanse inicialmente axudas para 5 vivendas e definitivamente para un baixo comercial.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Turismo relativa á aprobación da sinatura do convenio entre o Concello e INCOLSA para a encomenda a ésta da execución do plano de competitividade turística 2007.

Aprobáse a sinatura do devandito convenio, por un importe de 550.000 euros.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Política Lingüística relativa á aprobación da convocatoria de subvencións ás entidades sen fin de lucro deste municipio para apoiar as súas accións de normalización da lingua galega.

Apróbase a convocatoria das devanditas subvencións, por un importe de 27.600 euros.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Relacións Veciñais relativa á aprobación do orzamento e programa "COÑECENDO O PAÍS".

Apróbase o programa "Coñecendo o país" e o seu orzamento, que ascende a 24.000 euros.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á concesión da xestión dos campos de fútbol de Grixoa e Marrozos a diversas asociacións e á contratación do uso dos campos de fútbol de Nemenzo e Aríns para actividades deportivas.

Acórdanse as devanditas concesións da xestión e as cantidades a aboar polo Concello ás entidades concesionarias.

11.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa ao apoio a un proxecto empresarial.

Acórdase apoiar o proxecto empresarial "Ledesma Producciones", presentado por Pablo Iglesias Rendo, como iniciativa local de emprego.

12.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á realización das II Xornadas técnicas sobre os programas experimentais de inserción laboral.

Apróbase a realización das devanditas xornadas.

13.- Adxudicación de Asistencia técnica para a realización dun estudio previo de abastecemento de auga aos núcleos da conca do Río Aríns.

Adxudícase a asistencia técnica á empresa PROYFE, SL, por un importe de 11.990 euros.

14.- Aprobación de prego e inicio do expediente de contratación do subministro de 67 cubrepantalóns ignífugos para o Servizo de Extinción de Incendios.

Apróbase o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente de contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 28.200 euros.

15.- Prórroga e revisión do IPC do contrato de alugueiro do local situado na rúa dos Basquiños para a asociación de veciños Francisco Asorey da Almaciga.

Apróbase a prórroga do contrato do alugueiro e a revisión do prezo segundo o IPC.

16.- Prórroga e revisión do IPC do contrato de alugueiro do local nº 2 da rúa Galeras 7, destinado a dependencias municipais.

Apróbase a prórroga do contrato do alugueiro e a revisión do prezo segundo o IPC.

17.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á cesión gratuita a favor da Comunidade Autónoma de Galicia da parcela IAD, do proxecto de compensación do polígono 4 de Fontiñas para a ampliación dos actuais equipamentos da Administración de Xustiza.

Acórdase ceder a devandita parcela, de 219,26 metros cadrados.

18.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación da constitución da Asociación administrativa de propietarios do solo urbanizable non programado número 38 (SUNP-38). Formarís.

Apróbase a constitución da Asociación Administrativa de Propietarios do SUNP-38, formalizado en escritura pública o 5 de febreiro de 2007.

19.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á corrección de erro na delimitación gráfica das parcelas de resultado M4.A1 e M4.A2, do proxecto de reparcelación do polígono único do SUP-6 de Santa Marta.

Procédese á corrección do erro.

20.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación inicial do proxecto de urbanización da unidade de actuación núm.5 (UA-5) do PERI- 3.Campo de Santa Marta.

Apróbase inicialmente o proxecto de urbanización e o seu sometemento a información pública durante o prazo de 20 días.

21.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo e Patrimonio relativa á corrección de erros na cifra relativa ao IVE que figura no acordo da sesión de 26.2.07, sobre o perfeccionamento da venda a RUAFER, S.A. do 65,52% na parcela R-2 do proxecto de compensación do polígono 2, SUP-2. Cornes.

Procédese á corrección dos erros.

22 a 51.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda e Orzamentos relativa a beneficios fiscais.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

52.- Proposta da concelleira delegada do Casco Histórico e Rehabilitación relativa á aprobación do gasto correspondente á celebración das XORNADAS SOBRE BARRIOS EN RECONSTRUCCIÓN DE COMPOSTELA.

Apróbase o gasto correspondente á celebración das devanditas xornadas, que ascende a 9.250 euros.

53.- Aprobación de proxecto, prego e inicio do expediente de contratación das obras de reurbanización da rúa BERLIN en Fontiñas.

Apróbase o proxecto redactado polos técnicos municipais e o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a citada contratación por concurso e procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 2.181.491 euros.

54.- Dar conta do convenio urbanístico para a obtención da parcela "SELVA NEGRA", a efectos do inicio da tramitación do expediente.

Dáse conta do devandito convenio.

55.- Dar conta da concesión dunha subvención ao Concello polo Ministerio do Interior.

Dáse conta da subvención concedida polo Ministerio de Interior, por un valor de 83.063 euros, por mor dos gastos derivados dos incendios do pasado mes de agosto.